

Emerxencias e Protección Civil

Apertura de listas de profesorado especialista para impartir módulos de FP

A proposta que presenta a Consellaría parte da redacción da LOE previa á modificación da LOMLOE. Coa redacción actual do artigo 95.2 da LOE, tras os cambios da LOMLOE fálase de titulación de FP e de profesionais do sector produtivo, xa con carácter excepcional e, en última instancia, sen facer referencia á titulación:

2. As administracións educativas poderán, con carácter excepcional, atribuír docencia no ámbito da formación profesional, cando así se requira, como profesores especialistas a quen estean en posesión dunha titulación de Técnico ou Técnica de Formación Profesional, Técnico o Técnica Superior de Formación Profesional, Técnico o Técnica Auxiliar ou Técnico ou Técnica Especialista de Formación Profesional e, no seu caso, doutras titulacións asociadas á familia profesional. Así mesmo, e co mesmo carácter, poderase atribuír docencia no ámbito da formación profesional a profesionais do sector produtivo asociado ao título ou curso correspondente.”

Desde a CIG-EnsinO propoñemos que sempre que sexa posíbel se demande ou, cando menos teña prioridade, a mesma titulación para a contratación de profesorado

especialista que para o resto de docentes na FP. Por tanto, **que teñan prioridade quen,** contando coa experiencia laboral que se require, **teñan como mínimo titulación de FP** e, dentro destes, quen teñan mestrado ou curso equivalente. A contratación de persoas do sector produtivo sen titulación debe ser absolutamente excepcional ante a imposibilidade de cubrir as prazas.

A resolución fai referencia as requisitos xerais que hai que cumprir regulados no artigo 12 do RD 276/2007. Entendemos que se deben reproducir na convocatoria, incorporando o de non ter unha condena por delitos sexuais. Entendemos que este profesorado vai estar vinculado ao corpo de PTFP declarado a extinguir, mais polo código non se sabe. Queremos que se nos aclare.

BAREMO

Non nos parece normal que cada vez que se abre unha listaxe de profesorado especialista se fixe un baremo diferente. No ano 2019 para os módulos profesional de elaboración de moldes e protectores auditivos e de elección e adaptación de próteses auditivas usouse como baremo o das oposicións. Máis recentemente, para vela e conducción de grupos a cabalo, empregouse a nota media do expediente, tal cal llo permite a modificación

da addenda. Agora, figura un baremo totalmente diferente. Demandamos que o baremo sexa o mesmo en todas as contratacións e pedimos explicacións para este cambio.

Con independencia disto, consideramos o seguinte do baremo:

No apartado 1.b. (experiencia laboral fóra do ámbito docente PARCIALMENTE relacionada co módulo, entendemos que dá lugar a unha excesiva subxectividade e que se debería aclarar que se entende por PARCIALMENTE.

A administración vai ver de deixar claro que entende por parcialmente.

No apartado 1.c debe citarse expresamente a familia profesional de SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE e propomos subir a puntuación para equiparala co 1.a

No apartado 1.d deben indicarse expresamente os niveis educativos que se puntúan. No ensino non universitario non se pode falar de Secundaria senón das ensinanzas que se imparte e no universitario aclarar se traballar como investigador tamén conta. A CIG-Ensino entende que si, e se for necesario, facer unha distinción no baremo (contratados con cargos a proxectos, pre e posdou, etc..). Propomos igualar a puntuación co apartado 1.b.

No apartado 2.a e 2.b, tendo en conta que existe unha orde de titulacións para acceso a listas e para efectos de quedar nelas sen aprobar o 1º exame das oposicións, o lóxico sería identificar aquelas titulacións que están relacionadas cos módulos, facilitando o traballo da Comisión de reducindo a subxectividade.

No apartado 2.d debe engadirse o Curso de Especialización en Formación Pedagóxica e Didáctica do Profesorado Técnico de Formación Profesional.

No apartado 2.e deben engadirse as titulacións que se consideran relacionadas cos módulos a impartir, na liña do argumentado no 2.a e 2.b.

*A administración ve correcto **crear** despois de negocialo na mesa sectorial un **único baremo para todo o profesorado especialista**, pero a futuro, e comprométense a analizar todo o presentado para ver de facer o mellor baremo nesta apertura.*

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal